



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

/: Unha pera, dúas peras,
non tiña máis a pereira :/
unha pera, dixo o xastre,
no amor da costureira.

-Ao mellor sábelle outra música.

Pontevedra é boa vila,
dá de comer a quen pasa,
levando cartos na bolsa
pan de trigo haino na plaza.

Adiós ríos, adiós fontes
adiós regatos pequenos...

-Non, esa non, porque...

-Esa xa a tedes?

-É que esa é de Rosalía.

Vós de riba e nós de baixo
somos tantos coma vós,
vós poñede-las rosquillas
i o viño poñemo-lo nós.

-É así.

-Ai si.

-Si. (Rin). Eso era cando iban á...

Vós de riba e nós de baixo
somos tantos coma vós,
vós poñede-las rosquillas
i o viño poñemo-lo nós.

-Non cadrou ben, pero bueno.

Eses dous que andan no baile
caramba que bailan ben!
Ela parece unha rosa
i el parece un caravel.

Eses dous que andan no baile
caramba que bailan ben!
Ela parece unha rosa
i el parece un caravel.

O cura cando vai fóra
déixalle dito á criada...

-Xa a tedes?



O caravel cando nace
chámanlle o caraveliño,
tamén ás fillas dos curas
chámanlle ó pai señor tío.

Costureiriña bonita,
dónde te-la túa cama?

-Esa tédela? Tédela?

-Sigue, sigue.

No poleiro das ghaliñas
nunha madiña de palla.

-Si.

-Bueno, despois esa cando... eso xa era así un pouco...

/: Aí vai :/3x carallo aí vai,
se non lle cabe á filla
halle de caber á nai.

-Esa... (Rin). Esa é moi... Esa xa non...

En Cumeiro non hai mozas,
en Besexos son moi feas,
i o que queira boas mozas
que veña ás Cruces por elas.

Fragmento como “Conto” na transcripción orixinal.

-Eran tres cigüeñas e iban repartido, tres cigüeñas. Cuando viene la cigüeña... E foron a casa dun rico e tiña un neno e leváballe unha nena. E dixo, algrouse moito que lle levaba a nena a casa del. E foi á casa dun conde e tiña o neno e leváballe... leváballe... tiña un neno e leváballe... non, tiña unha nena e leváballe un neno. E alegrouse moito porque viñera a cigüeña e trouxera un neno. E dixo: -“Y voy a casa del cura.” -“Y qué le llevas al cura?” -“Moitos sustos, moitos sustos.” Coma quen... (Rin). Fainos pero non aparecen. Moitos sustos, moitos sustos.

-Un portughês que había aquí, pero se cadra... bueno, a ver se vén a Cortes. E era... pero estás ghravando e eso, despois bórralo se non che gusta. E era moi fanático, un portugués que morreu agora pouco hai, era moi fanático. E dicía... Iso dixerllo eu ao padre, moito lle ghustaba esto, díxellno eu. Dixo: -“Llevo un relato para contar en muchas sitios desto.” E dixo: -“Chamoume individua e paseila” Non. “Chamoume fillo da puta e paseila.”

-Fillo de puta.

-“Chamoume... este... cabrón e paseila. E chamoume individuo e no se la paso, no se la paso, no se la paso.” O sea, pareceulle máis insulto chamarlle individuo, non sei en... en Portugal qué es individuo. E dixo: -“Chameille... chamoume maricón e paseila. Chamoume fillo da puta e paseilla. E chamoume individuo e no se la paso, no se la paso, no se la paso.” (Ri). Insultouno.

Maruxa ti ére-lo demo

-Esa contoucha Presentación?

que me andas atentando,
ou nos ríos ou na fonte
siempre te encontro lavando.



Moreniña por morena
téñoche o ollo botado,
has de ser miña morena
ou non hei de ser casado.

-Esa sabíala xa? Sabíala?

...a misa vayas
ni a la ventana te asombres...

-Sabes esa? Sábela?

-Como sigue?

Non quero que a misa vayas
ni a la ventana te asomes,
ni tomes agua bendita
donde la toman los hombres.

-Sábela?

[Hei de ir] á romería,
este ano hei d' ir a unha,
hei d' ir ó Santo Sambreixo
que está no fondo da Ulla.

-Sabías esa?

-Non, non.

-Non? Pois esa, esa é moi...

-Hei de ir a...

-“Santo Sambreixo que está no fondo da Ulla.”

...unha romería,
este ano hei d' ir a unha,
hei d' ir ó Santo Sambreixo
que está no fondo da Ulla.

-Sempre fun.

-De Rosalía de Castro esa.

-“...muíño de meu pai...” Sabes esa? Non a sabes?

Se queres que o carro cante

-Esa sábela?

-Como sigue?

móllalle o eixe no río
e despois de ben mollado
canta como un asubío.

/: Ó San Adrián :/
non se vai por terra
que se vai por mar.

Desde Santander hacia Bilbao
vengo por toda la ría,
con la falda remangada
lucindo mi pantorrilla.



...dicen si a cuatro
otros me dicen si a tres,
voy por las calles gritando
“¡Sardina fresca es!”

-No sabías esa?

Lévame no carro leva
carreteiriño das uvas,
lévame no carro leva
comerei das máis maduras.

Si quieres que arda Bayona
plántale fuego al castillo,
ya verás como se junta
tu corazón con el mío.

[Carmela] ten un tinteiro
cheo de tinta amarela,
/: déixame molla-la pluma
no teu tinteiro Carmela. :/

-...veciños, 13 ladrós i o que fai 14 é o cura, o que é o máis ladrón. (Ri). Que é o máis ladrón, o que fai 14 é o cura, que é o máis ladrón.

[Carminha, Carmela,
que pena me] dás,
nos campos de Cuba
borracho o rapaz.
Morreu, morreu,
deixalo morrer,
para ti Carminha
rapaz ha d' haber.

-Si
-Sabías? Sabíala? Sabíala?
-Un pouco distinto.
-Que tal? Ben?
-Nada, esquézome.

Cúbreme, cúbreme,
que tengo frío.
Como quieres que te cubra
si no te tengo cariño.

[Sete] cuncas de papas unha vella comeu
e rebentoulle o cordón do xustillo de tanto que encheu.
Tiña fame e comeu outras sete e inda recuncou
e fixo como un foghete, chin-pun, estoupou.

A miña Rosiña
ten un caravel
teno gardadiño
non lle fai a i-el,
ninguén vai a i-el.



I o caraveliño...

-Non, como é?

Miña Rosiña
ten un caravel
teno gardadiño
/: non lle dan con el. :/
Hanllo de pillar
i o caraveliño
hanllo de quitar.

[Canta o cuco] en Cumerio,
a bubela en Ferreirós
i o...

-Non é así o tono.

Canta o cuco en Cumeiro
i a bubela en Ferreirós,
i o que queira boas mozas
que veña xunto de nós.

-Ah si? Qué guapa esa.

...los melones,
en el medio del camino
San José perdió los calzones.

San José y más la Virgen
fueron junto a los melones,
en el medio del camino
San José perdió los calzones.

-Era así.

San Juan y la Madalena...

San Juan y la Madalena
van juntos a los melones
y en el medio del camino
San Juan perdió los calzones.
A-ai que..

-Non me acordo agora. Que había unha...

...tanto teño d' ir e vir-e
dunha vez t' hei de levar-e.

-Canta outra vez. Tanto?

Tanto teño d' ir e vir
de noite polo luar,
tanto teño d' ir e vir
dunha vez t' hei de levar.



Da banda d' alá do río
ten meu pai un castiñeiro,
dá castañas en agosto
i uvas brancas en xaneiro.

Salí un día del cuartel
con hambre de tres semanas,
/: encontré con un ciruelo :/
cargadito de manzanas.

Cogí una piedra y tire-le
y cayeron avellanas.

Al ruido de las nueces
salió un hombre de un peral:
“¿Quién te manda coger uvas,
siendo mi buen naranjar?”

Os dalá darriba
cando van co gando
espetan a vara
/: e bailan o tango. :/
tamén a muiñeira,
os dalá darriba
non hai quen os queira.
/: Non hai quen as queira,
quen as ha querer-e :/
veñen pa taberna
veñen a beber-e.

-As muiñeiras, as muiñeiras e as jotas son bonitas.

Señor cura, cura, cura,
donde lle vai a sobriña?
que lle quero preguntar-e
como se asan as sardiñas.

Ábreselle o lombo,
bótaselle sal,
e cun abanico
veña a abanicar.

Abanica, abanica, abanica,
abanícalle o lombo a teu pai.

A criada do cura
de Cullaredo
ten un pelo no cu
que mete medo.